

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, membros do **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao peche temporal do Parador Castelo de Monterrei.

As obras de rehabilitación do Castelo de Monterrei co obxectivo de convertelo en hotel, que coñecen, desde os seus mesmos inicios, as críticas de todas as organizacións con preocupación pola preservación do noso patrimonio cultural, como a Plataforma en Defensa do Castelo de Monterrei, coñecen un novo capítulo no errado e sospeitoso comportamento mercantilista da Xunta de Galicia.

En efecto, non só a Xunta entregou por un tempo de 75 anos un Ben de Interese Cultural e un Monumento Nacional a unha empresa, Paradores S.A., en situación de ERE desde novembro de 2012, con acordo entre as partes de 2 de xaneiro de 2013, senón que as obras seguen realizándose baixo o silencio mantendo o acceso a todo o recinto pechado, sen que a cidadanía poda acceder e gozar dun Ben de Interese Cultural.

Sábese que proseguen as obras na Torre das Damas, onde se pretende facer un Mirador e un xardín con plantas aromáticas e, no entanto, a cidadanía non pode acceder a ningunha das partes do castelo. Preguntámonos se ditas obras gardan o debido respecto para coa sentenza que ditou o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense o 3 de decembro de 2015 que anula por ser contrarios a Dereito os acordos do Concello de Monterrei do 9 de maio de 2014 polos que se concedía licenza á Axencia de Turismo de Galicia

para a adecuación e rehabilitación da fortaleza de Monterrei como hotel-parador. Esta sentenza ilegaliza as obras que destinan o castelo a hotel-parador. O cambio de usos, igualmente censurado e denunciado, está pendente dunha decisión da Audiencia Nacional.

O presidente Núñez Feijóo dixo o 7 de agosto de 2015, logo da súa inauguración como parador que o parador-castelo estaba “na mellor rede de hoteis de Europa”. Preguntámonos se o destino dun Ben de Interese Cultural é permanecer pechado durante varios meses ao ano. Este feito demostra que non ten ningún sentido a conversión do castelo en parador, cando o vello parador, a uns escasos 500 metros, xa coñece peches temporais que exceden o acordado en xaneiro de 2013, de tal forma que CC.OO. denuncia máis recortes en persoal e salarios, resultando que o parador de Monterrei non ten previsto abrir ata o 29 de marzo de 2016.

Censuramos as palabras do presidente da Xunta de Galicia que demostran un desprezo á nosa cultura: “Levabamos tempo buscando un contido que permanecera no tempo e que fixera de altavoz de Monterrei”. Ese contido xa existía, e vén dado pola súa propia condición de Ben de Interese Cultural e había que procurar un Plan Director de Usos respectuoso con esa condición e non entregalo a unha empresa en delicada situación económica. Demóstrase a absoluta incompetencia da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, incapaz de procurar un uso público, participativo e social a un Ben de Interese Cultural.

Por todo o exposto, este grupo parlamentario formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

- 1) De que forma as obras que se realizan na actualidade no Castelo de Monterrei se corresponden co ditado na sentenza do xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense?
- 2) Por que se mantén pechado ao público todo o recinto?
- 3) Quen sufraga unhas obras que en dita sentenza son definidas como contrarias a dereito e que representan unha agresión inxustificable ao noso patrimonio cultural?

- 4) É o diñeiro público de galegos e galegas empregado nunha rehabilitación que beneficia única e exclusivamente a unha empresa do Estado?
- 5) Cre a Xunta de Galicia que a conversión do Castelo nun Hotel-Parador que se mantén pechado varios meses ao ano é beneficiosa para a cidadanía galega?
- 6) Ten previsto a Xunta de Galicia un Plan de Usos que permita á cidadanía galega acceder ao Ben de Interese Cultural?
- 7) Vai revertir a Xunta de Galicia a actual situación e recuperar para a cidadanía galega un Ben de Interese Cultural?

En Compostela, a 11 de febreiro de 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 12/02/2016 10:30:13**

**Ramón Vázquez Díaz na data 12/02/2016 10:30:22**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 12/02/2016 10:30:30**

**Anton Sánchez García na data 12/02/2016 10:30:33**



**Eva Solla Fernández na data 12/02/2016 10:30:37**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 12/02/2016 10:30:43**